



XORNADA TÉCNICA SOBRE OS PROXECTOS PILOTO DESENVOLVIDOS EN GALICIA E AS ACTIVIDADES DE GRUPOS OPERATIVOS NOS QUE PARTICIPA AGACAL

VENRES 20 DE NOVEMBRO DE 2020

HORARIO: DE 9.00H A 14.00H

LUGAR : SALÓN DE ACTOS DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN AGRARIAS DE MABEGONDO

ORGANIZA:

**CENTRO
INVESTIGACIÓN
AGRARIAS
MABEGONDO**

COLABORA:

 **Fundación
Juana de Vega**



XORNADA TÉCNICA SOBRE OS PROXECTOS PILOTO DESENVOLVIDOS EN GALICIA E AS ACTIVIDADES DE GRUPOS OPERATIVOS NOS QUE PARTICIPA AGACAL

INTRODUCCIÓN:

A posta en marcha da Asociación Europea de Innovación para unha agricultura produtiva e sostible en 2012 supuxo un cambio na forma de acometer as accións de transferencia de coñecemento no ámbito do sector agrario. O novo modelo pretende evolucionar dun sistema lineal de transferencia da investigación aos usuarios, a un sistema de co-creación entre os distintos actores.

Para implementar esta nova filosofía puxéronse en marcha nos Programas de Desenvolvemento Rural, os Grupos Operativos de innovación e os proxectos de cooperación. No novo modelo interactivo de innovación, o coñecemento é agora co-creado por agricultores, investigadores, asesores, empresas, organizacións etc, que traballan en conxunto para conseguir unha produción agro alimentaria máis sostible, produtiva e rendible.

Seguindo este esquema, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) ten participado en numerosos Grupos Operativos e Proxectos Piloto en cooperación con outros axentes do medio rural galego.

Neste contexto, o **Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)** e a **Fundación Juana de Vega** organizan o

vindeiro **20 de novembro**, unha **xornada de transferencia**, realizada no marco do **Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2020**, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Nesta xornada amosaranse os resultados e liñas de traballo dos Grupos Operativos e Proxectos Piloto desenvolvidos en Galicia nos que participa o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) dependente da AGACAL.

A presentación de resultados e liñas de traballo, enmárcase con dous relatorios de contexto sobre a importancia dos AKIS (Agricultural Knowledge and Innovation Systems) no seguinte período de programación e as conclusións do Grupo Focal organizado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para posta en común de propostas para o fortalecemento dos AKIS en España.

A xornada, vai **dirixida ás persoas vinculadas profesionalmente cos sectores relacionados coa agricultura, gandería, industria agroalimentaria e cadea forestal-madeira ou con expectativa de incorporación**, en especial mozos e mozas do medio rural galego.

PROGRAMA:

Venres 20 de novembro de 2020

Hora	Contido	Relator / a
9:00 - 9:30	Recepción dos asistentes e entrega de materiais	
9:30 - 9:50	Presentación das xornadas	Jose Luís Cabarcos Corral. Director da AGACAL Manuel López Luaces. Director do CIAM Julio López Díaz. CIAM Jose Manuel Andrade Calvo. Director da Fundación Juana de Vega
9:50 - 10:10	Os AKIS na PAC 2021-2027	Laura Enfedaque Díaz Jefa de área de Formación y Tecnología. Subdirección General de Innovación y Digitalización MAPA
10:10 - 10:30	Grupo Focal sobre asesoramento en AKIS. Ideas para o fortalecemento dos AKIS en España	Andrés Montero Aparicio. Profesor Asociado Univ. Carlos III de Madrid. Coordinador GF sobre asesoramiento AKIS del MAPA
10:30 - 10:50	Espectroscopía por tecnoloxía NIRS como ferramenta na xestión da fertilización de cultivos	M ^a Dolores Báez Bernal. CIAM
10:50 - 11:10	Identificación de marcadores específicos para garantir a calidade e autenticidade do mel en Galicia	Thierry Dagnac. CIAM
11:10 - 11:30	Bases para o cultivo ecolóxico de trigo autóctono en Galicia	Luis Urquijo Zamora. CIAM
11:30 - 11:50	Redución dos custos de tratamentos silvícolas a partir da revalorización da biomasa forestal residual extraída dos mesmos	Juan Castro Insua. CIAM
11:50 - 12:00	Preguntas bloque 1	
12:00 - 12:20	Pausa - café	
12:20 - 12:40	Pastoreo con gando caprino vs. equino para evitar a matorralización do monte	Santiago Crecente Campo. CIAM
12:40 - 13:00	Optimización do cebo de vacas frisonas dentro da IXP "Vaca e Boi de Galicia"	Teresa Moreno López. CIAM
13:00 - 13:20	Cooperación para innovación nos sistemas de produción de leite (I)	César Resch Zafra. CIAM
13:20 - 13:40	Cooperación para innovación nos sistemas de produción de leite (II)	Gonzalo Flores Calvete. CIAM
13:40 - 14:00	Preguntas bloque 2	
14:00	Fin da xornada	

LUGAR

Salón de actos do CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo).
Estrada Betanzos - Mesón do Vento, km7; Abegondo (15318 A Coruña)

INFORMACIÓN E MATRÍCULA

<https://juanadevega.org/ga/>.